

**IV. O ORZAMENTO
CONSOLIDADO**

A Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia establece a necesidade de que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma incluían unha conta consolidada que permita apreciar de forma integrada a repercusión real dos programas de ingresos e gastos da Administración Xeral e dos seus Organismos Autónomos.

A través dos mecanismos de consolidación elimínanse as duplicidades derivadas das transferencias internas entre ambos sectores, permitindo desta maneira obviar a deformación que se obtería da consideración illada de ambos orzamentos, xa que a maior parte do financiamento dos Organismos Autónomos procede da Administración Xeral, onde xa foi computado a súa vez como ingreso.

Non obstante, aínda que a consolidación orzamentaria proporciona unha visión bastante próxima á realidade da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma, tamén é certo que as posibilidades de actuación desta non rematan aquí, xa que a actividade do sector público empresarial que dela depende resulta particularmente activa na realización de investimentos, e unicamente pode advertirse de forma moi parcial nos orzamentos consolidados.

Con esa salvedade, no ano 2007, despois de deducidos 3.330,6 millóns de euros de transferencias internas que se canalizan por medio dos capítulos IV e VII de gastos da Administración Xeral cara aos capítulos IV e VII de ingresos dos Organismos Autónomos, a suma de ambos orzamentos, que en termos brutos ascendería a 14.116,3 millóns de euros, queda reducida a 10.785,7 millóns en termos consolidados, cifra equivalente a un 20,6 % do produto interior da Comunidade Autónoma e representativa dun crecemento do 8,8 % sobre os orzamentos do anterior exercicio.

1. INGRESOS

A previsión de ingresos consolidados para o ano 2006 ascende a 10.785,7 millóns de euros, que representan un incremento do 8,8 % sobre os inicialmente orzados no pasado exercicio.

Esa variación descansa basicamente sobre os recursos non financeiros, que crecen un 8,9 %, e de modo moi concreto sobre os ingresos correntes, que ofrecen unha variación do 10,0 %, impulsados polo crecemento dos impostos directos e indirectos e das transferencias correntes, os tres capítulos de maior peso dentro do orzamento de ingresos.

O crecemento das transferencias correntes, que representan o 48,8 % dos ingresos totais e aumentan un 10,8 %, está apoiado no financiamento adicional aportado pola presupostación do anticipo sobre a liquidación definitiva dos tributos cedidos e do Fondo de Suficiencia do ano 2007, por un importe equivalente ao 3,5 % da base de cálculo utilizada para a determinación inicial das entregas a conta, en contraposición co 2 % do exercicio anterior. Por outra parte, o Fondo de Suficiencia, que é o concepto cuantitativamente máis importante dos presupostados, crece un 7,8 %, e as Subvencións Finalistas procedentes dos orzamentos xerais do Estado, un 21 %.




Os ingresos de capital non financeiro, basicamente capítulo VII, experimentan unha caída do 1,4% sobre os do ano 2006, arrastrados, a pesar do aceptable comportamento do Fondo de Compensación Interterritorial, polo descenso dos Fondos Europeos como consecuencia da entrada en vigor do novo marco financeiro para o período 2007-2013, do que participan os novos estados membros, incluídos nos obxectivos de converxencia e cohesión.

IV. O orzamento consolidado da Administración Xeral e dos organismos autónomos

Orzamento consolidado

(Miles de euros)

	2006		2007		% Var
	Importe	%	Importe	%	
INGRESOS	9.911.726	100,00	10.785.743	100,00	8,82
Recursos propios	4.334.505	43,73	4.726.203	43,82	9,04
Ingresos tributarios	3.733.886	37,67	4.068.829	37,72	8,97
Ingresos patrimoniais	85.885	0,87	105.656	0,98	23,02
Ingresos financeiros	514.733	5,19	551.719	5,12	7,19
Recursos transferidos	5.577.222	56,27	6.059.540	56,18	8,65
Do Estado	4.984.463	50,29	5.517.640	51,16	10,70
Da Unión Europea	581.003	5,86	538.275	4,99	-7,35
Outros	11.755	0,12	3.625	0,03	-69,16
GASTOS	9.911.726	100,00	10.785.743	100,00	8,82
Xestión directa	5.991.444	60,45	6.533.714	60,58	9,05
Gastos de persoal	2.931.807	29,58	3.174.746	29,43	8,29
Gastos de funcionamento	1.225.152	12,36	1.303.838	12,09	6,42
Gastos financeiros	628.260	6,34	722.241	6,70	14,96
Investimentos	1.206.226	12,17	1.332.889	12,36	10,50
Transferencias ó sector público	1.972.582	19,90	2.192.022	20,32	11,12
A Corporacións Locais	1.071.465	10,81	1.168.297	10,83	9,04
Outros	17.732	0,18	43.993	0,41	148,10
A Sociedades Públicas da C.A.	883.385	8,91	979.732	9,08	10,91
Transferencias ó sector privado	1.947.700	19,65	2.060.007	19,10	5,77
Famílias e ent. sen ánimo de lucro	1.347.762	13,60	1.434.537	13,30	6,44
Empresas	599.938	6,05	625.470	5,80	4,26



Orzamento consolidado de ingresos

Distribución económica						
(Miles de euros)						
Capítulos	2006	2007	Variación 07 / 06		Valor Relativo	
			Importe	%	2006	2007
I Impostos directos	1.074.777	1.167.819	93.042	8,7	10,8	10,8
II Impostos indirectos	2.412.680	2.636.049	223.369	9,3	24,3	24,4
III Taxas, prezos e outros ingresos	246.430	264.961	18.531	7,5	2,5	2,5
IV Transferencias correntes	4.752.160	5.265.545	513.387	10,8	47,9	48,8
V Ingresos patrimoniais	13.481	14.926	1.445	10,7	0,1	0,1
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	8.499.528	9.349.300	849.772	10,0	85,8	86,7
VI Alleamento de investimentos reais	72.404	90.730	18.326	25,3	0,7	0,8
VII Transferencias de capital	825.061	793.994	-31.067	-3,8	8,3	7,4
<i>TOTAL OPER. NON FINANC. DE CAPITAL</i>	<i>897.465</i>	<i>884.724</i>	<i>-12.741</i>	<i>-1,4</i>	<i>9,1</i>	<i>8,2</i>
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS	9.396.993	10.234.024	837.032	8,9	94,8	94,9
VIII Activos financeiros	665	675	10	1,5	0,0	0,0
IX Pasivos financeiros	514.068	551.044	36.976	7,2	5,2	5,1
TOTAL INGRESOS FINANCEIROS	514.733	551.719	36.986	7,2	5,2	5,1
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.412.198	1.436.443	24.245	1,7	14,2	13,3
TOTAL INGRESOS	9.911.726	10.785.743	874.017	8,8	100	100

Pechando os recursos dispoñibles, os ingresos financeiros crecen un 7,2 %, aínda que hai que ter en conta que a variación de pasivos financeiros, representativa do endebedamento neto, sitúase no actual exercicio en 93,9 millóns de euros, un 32,9 % por debaixo do exercicio anterior.

Dentro destes orzamentos os recursos propios da Comunidade Autónoma, que inclúen os tributos propios, os cedidos polo Estado e os compartidos, ademais dos ingresos patrimoniais e financeiros, representan un 43,8% do financiamento dispoñible. Os recursos transferidos representan o 56,2 % do total, e deles un 51,2 % corresponden a transferencias do Estado, configurando unha situación manifestamente mellorable en termos de autonomía financeira.

2. CRÉDITOS AUTORIZADOS

Os gastos consolidados, presupostados en equilibrio cos ingresos previstos, experimentan a mesma variación que estes, un 8,8 % sobre o ano anterior.

Orzamento consolidado de gastos							
Distribución económica							
(Miles de euros)							
Capítulos	2006	2007	Variación 07 / 06 Importe	Valor Relat. %	2006	2007	
I Gastos de persoal	2.931.807	3.174.746	242.940	8,3	29,6	29,4	
II Gastos en bens correntes e servizos	1.167.471	1.242.132	74.661	6,4	11,8	11,5	
III Gastos financeiros	142.429	146.961	4.532	3,2	1,4	1,4	
IV Transferencias correntes	2.679.280	2.897.420	218.140	8,1	27,0	26,9	
V Fondo de continxencia	57.681	61.706	4.025	7,0	0,6	0,6	
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	6.978.667	7.522.966	544.299	7,8	70,4	69,7	
VI Inversións reais	1.206.226	1.332.889	126.664	10,5	12,2	12,4	
VII Transferencias de capital	1.241.002	1.354.608	113.606	9,2	12,5	12,6	
TOTAL OPER. NON FINANC. DE CAPITAL	2.447.228	2.687.498	240.270	9,8	24,7	24,9	
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS	9.425.895	10.210.464	784.569	8,3	95,1	94,7	
VIII Activos financeiros	111.763	118.177	6.414	5,7	1,1	1,1	
IX Pasivos financeiros	374.068	457.103	83.035	22,2	3,8	4,2	
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	485.831	575.279	89.448	18,4	4,9	5,3	
TOTAL GASTOS FINANCEIROS	485.831	575.279	89.448	18,4	4,9	5,3	
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	2.933.059	3.262.777	329.718	11,2	29,6	30,3	
TOTAL GASTOS	9.911.726	10.785.743	874.017	8,8	100	100	

Desde a perspectiva da clasificación económica, os créditos de inversións canalizados a través dos capítulos VI e VII, 2.687,5 millóns de euros, equivalentes ao 5,1 % do PIB, continúan incrementando a súa presenza nos orzamentos da Comunidade Autónoma, e neste exercicio representan o 24,9 % dos créditos totais dispoñibles. O incremento deses capítulos se sitúa no 9,8 %, tres puntos por encima do crecemento económico esperado, e o seu peso sería todavía maior se consideramos a

presenza nos orzamentos dunha variación de activos de 117,5 millóns de euros, que contribúen á formación de capital.

O crecemento dos gastos correntes é dun 7,8 %, algo por debaixo da variación total dos orzamentos, como consecuencia do esforzo realizado para liberar aforro destinado ao financiamento do investimento produtivo. Na súa maior parte este tipo de gasto está vinculado a execución dos programas que inciden sobre as áreas de Sanidade, Educación, e Servizos Sociais, polo que o maior esforzo na contención do gasto corrente trasladouse cara o gasto de carácter mais estritamente burocrático.

O crecemento do gasto social -corrente e de investimentos- resulta en calquera caso considerable. Os incrementos dos programas sanitarios, educativos, de servizos sociais, e de promoción de emprego, que non esgotan a totalidade do gasto social, absorben o 51,4 % do crecemento do ano 2007, dentro duns orzamentos que perseguen o equilibrio entre o gasto social e o gasto mais directamente vinculado ao desenvolvemento da actividade económica, da que en definitiva terminarán dependendo as posibilidades de sostibilidade e mellora das políticas sociais de cohesión e benestar.

En resumo, os orzamentos do ano 2007, que experimentan un crecemento superior en case dous puntos ao estimado para o PIBpm da Comunidade Autónoma e representan en torno ao 20,6 % do seu produto interior, utilizan rigorosos criterios de austeridade na dotación de gastos correntes non asociados ao cumprimento das políticas básicas de orde social, incorporando unha elevadísima taxa de aforro corrente, que supera nun 20,1 % á do ano anterior. Ese aforro permite, coa aportación dun endebedamento plenamente axustado ao cumprimento dos principios de estabilidade, e que incluso diminúe un 32,9 % sobre o ano 2006, financiar investimentos fundamentais para impulsar o crecemento económico, aos que se asignan o 24,9 % do total dos recursos dispoñibles nestes orzamentos, e que crecen un 9,8 % en relación cos autorizados no exercicio precedente, a pesar da caída inevitable dos ingresos de capital provocada pola entrada en vigor do novo marco financeiro comunitario

IV. O orzamento consolidado da Administración Xeral e dos organismos autónomos

Orzamento consolidado de gastos

Distribución orgánica

(Miles de euros)

Seccións	2006	2007	Variación 07 / 06		Valor Relat.	
			Importe	%	2006	2007
01 Parlamento	19.214	20.507	1.293	6,7	0,2	0,2
02 Consello de Contas	6.629	7.289	659	9,9	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	2.863	3.073	210	7,3	0,0	0,0
04 Presidencia da Xunta	182.512	195.966	13.454	7,4	1,8	1,8
05 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	365.875	405.916	40.041	10,9	3,7	3,8
06 Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	197.193	205.278	8.085	4,1	2,0	1,9
07 Economía e Facenda	160.494	168.513	8.020	5,0	1,6	1,6
08 Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	454.448	503.963	49.515	10,9	4,6	4,7
09 Educación e Ordenación Universitaria	1.983.462	2.142.163	158.702	8,0	20,0	19,9
10 Innovación e Industria	310.009	343.701	33.692	10,9	3,1	3,2
11 Medio Rural	569.098	627.955	58.857	10,3	5,7	5,8
12 Cultura e Deporte	164.795	175.104	10.309	6,3	1,7	1,6
13 Sanidade	2.979.911	3.201.580	221.669	7,4	30,1	29,7
14 Pesca e Asuntos Marítimos	217.727	228.262	10.535	4,8	2,2	2,1
15 Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	197.459	203.398	5.939	3,0	2,0	1,9
16 Traballo	297.760	330.302	32.541	10,9	3,0	3,1
17 Vivenda e Solo	107.634	113.658	6.024	5,6	1,1	1,1
20 Consello Consultivo de Galicia	1.670	1.725	55	3,3	0,0	0,0
21 Transferencias a CC.LL.	820.283	885.235	64.952	7,9	8,3	8,2
22 Débeda Pública	514.652	602.466	87.814	17,1	5,2	5,6
23 Gastos Diversas Consellerías	66.977	101.761	34.784	51,9	0,7	0,9
TOTAL SECCIÓNS	9.620.664	10.467.816	847.151	8,8	97,1	97,1
Organismos Autónomos						
05.80 S. Galego Prom. Igualdade Home-Muller	10.426	10.706	280	2,7	0,1	0,1
06.80 Escola Galega de Admón Pública	4.573	4.896	323	7,1	0,0	0,0
06.81 Centro de Est. Xudiciais e Seg. Púb. de Galicia	2.150	3.756	1.606	74,7	0,0	0,0
07.80 Instituto Galego de Estatística	5.094	5.168	74	1,5	0,1	0,0
07.81 Tribunal Galego de Def. da Competencia	893	908	15	1,6	0,0	0,0
10.80 Instituto Galego de Consumo	6.529	7.726	1.196	18,3	0,1	0,1
11.90 Fondo Galego de Garantía Agraria	62.664	63.567	904	1,4	0,6	0,6
12.90 Inst. Galego Artes Escénicas e Musicais	7.812	8.216	404	5,2	0,1	0,1
13.80 Servicio Galego de Saúde	3.064.327	3.290.140	225.813	7,4	30,9	30,5
15.80 Augas de Galicia	138.329	144.915	6.586	4,8	1,4	1,3
17.90 Instituto Galego da Vivenda e Solo	96.936	108.507	11.572	11,9	1,0	1,0
TOTAL ORGANISMOS AUTÓNOMOS	3.399.733	3.648.506	248.773	7,3	34,3	33,8
TOTAL ORZAMENTO BRUTO	13.020.397	14.116.321	1.095.924	8,4	131,4	130,9
TRANSFERENCIAS INTERNAS	3.108.671	3.330.578	221.907	7,1	31,4	30,9
TOTAL CONSOLIDADO	9.911.726	10.785.743	874.017	8,8	100	100

Orzamento consolidado de gastos

Distribución funcional

(Miles de euros)


Grupos de funcións	Funcións	2007	Valor relativo
1	Actuacións de carácter xeral	246.566	2,3
11	Alta dirección da Comunidade Autónoma	41.629	0,4
12	Administración xeral	74.393	0,7
13	Xustiza	94.622	0,9
14	Administración local	11.736	0,1
15	Normalización lingüística	23.185	0,2
16	Procesos electorais e órganos de representación política e institucións democráticas	1.000	0,0
2	Protección civil e seguridade cidadá	25.429	0,2
21	Protección civil e seguridade	25.429	0,2
3	Protección e promoción social	766.375	7,1
31	Acción social e promoción social	425.175	3,9
32	Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo.	331.345	3,1
33	Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.855	0,1
4	Produción de bens públicos de carácter social	6.047.383	56,1
41	Sanidade	3.388.010	31,4
42	Educación	2.161.491	20,0
43	Cultura	141.201	1,3
44	Deportes	38.355	0,4
45	Vivenda	189.097	1,8
46	Outros servizos comunitarios e sociais	129.229	1,2
5	Produción de bens públicos de carácter económico	1.145.411	10,6
51	Infraestruturas	458.985	4,3
52	Ordenación do territorio	50.978	0,5
53	Promoción do solo para actividades económicas	16.690	0,2
54	Actuacións ambientais	260.777	2,4
55	Actuacións e valorización do medio rural	203.036	1,9
56	Investigación, desenvolvemento e innovación	119.297	1,1
57	Sociedade da información e do coñecemento	29.798	0,3
58	Información estatística básica	5.849	0,1
6	Regulación económica de carácter xeral	146.525	1,4
61	Actuacións económicas xerais	37.381	0,3
62	Actividades financeiras	109.144	1,0
7	Regulación económica de sectores produtivos e desenvolvemento empresarial	914.233	8,5
71	Dinamización económica do medio rural	385.435	3,6
72	Pesca	185.437	1,7
73	Industria, enerxía e minaría	52.151	0,5
74	Desenvolvemento empresarial	182.440	1,7
75	Comercio	33.211	0,3
76	Turismo	75.558	0,7
8	Transferencias a entidades locais	891.355	8,3
81	Transferencias a entidades locais	891.355	8,3
9	Débeda pública	602.466	5,6
91	Débeda pública	602.466	5,6
TOTAL		10.785.743	100

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

1 Actuacións de carácter xeral	246.566.210
11. Alta dirección da comunidade autónoma	41.629.367
111A Presidencia da Xunta	4.313.444
Presidencia da Xunta	4.313.444
111B Actividade lexislativa	20.506.778
Parlamento	20.506.778
111C Control externo do sector público	7.288.511
Consello de Contas	7.288.511
111D Alto asesoramento da Comunidade Autónoma de Galicia	7.054.885
Consello da Cultura Galega	3.073.383
Presidencia da Xunta	2.256.211
Consello Consultivo de Galicia	1.725.291
111E Relacións exteriores	2.465.749
Presidencia da Xunta	2.465.749
12. Administración xeral	74.393.343
121A Dirección e servizos xerais de Administración xeral	55.029.931
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	55.029.931
121B Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.	2.339.682
Presidencia da Xunta	2.339.682
122A Avaliación e calidade da Administración Pública	11.563.844
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	11.563.844
122B Formación e perfeccionamento persoal da Admón da C.A.	4.896.163
Escola Galega de Administración Pública	4.896.163
123A Acción social en favor do persoal da administración	563.723
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	563.723
13. Xustiza	94.621.964
131A Dirección e servizos xerais de xustiza	40.112.029
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	40.112.029

(Continúa na páxina seguinte)

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007



Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

3 Protección e promoción social	766.374.884
31. Acción social e promoción social	425.174.540
311A Dirección e servizos xerais de promoción social	213.348.047
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	212.390.535
Servizo Galego de Promoción da Igualdade do H-M	957.512
312A Pensións e Prestacións asistenciais	55.433.024
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	55.433.024
312B Servizos sociais de prestacións ás familias e á infancia	26.501.753
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	26.501.753
312C Servizos sociais relativos ás migracións	18.543.499
Presidencia da Xunta	18.543.499
312D Servizos sociais de atención ás persoas maiores	5.048.568
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	5.048.568
312E Servizos sociais atención persoas con discap. e depend.	33.062.947
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	33.062.947
312F Programas de solidariedade	9.306.896
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	9.306.896
312G Apoio á conciliación vida laboral e persoal e outros serv.	4.908.802
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	4.908.802
313A Servizos á xuventude	18.760.429
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	18.760.429
313B Accións para a igualdade, protección e prom. da muller	9.920.346
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	1.122.301
Servizo Galego de Promoción da Igualdade do H-M	8.798.045
313C Outros servizos sociais de promoción social	28.217.476
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	27.367.476
Gastos de diversas consellerías	850.000
313D Accións, protecc. e apoio mulleres violencia xénero	2.122.753
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	1.172.753
Servizo Galego de Promoción da Igualdade do H-M	950.000

(Continúa na páxina seguinte)

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

3 Protección e promoción social	766.374.884
(Ven da páxina anterior)	
32. Promoción do emprego e instit. do mercado de traballo	331.345.015
321A Dirección e servizos xerais de emprego	19.504.462
Traballo	19.504.462
322A Mellora e fomento da empregabilidade	114.359.278
Traballo	114.359.278
322B Intermediación e inserción laboral	10.929.259
Traballo	10.929.259
322C Integración laboral colectivos desfavorecidos e en risco	56.957.383
Traballo	56.957.383
322V Mellora e fomento da empregabilidade. F.S.E.	464.659
Traballo	464.659
322Z Integración laboral colectivos desfavorecidos F.S.E.	22.586.258
Traballo	22.586.258
323A Formación profesional desempregados	56.289.009
Traballo	56.289.009
323B Mellora da cualificación no emprego	15.193.801
Traballo	15.193.801
323V Formación profesional desempregados. F.S.E.	7.429.220
Traballo	7.429.220
323X Mellora da cualificación no emprego. F.S.E.	3.127.107
Traballo	3.127.107
324A Mellora da organización e admón das rel. laborais	12.013.828
Traballo	12.013.828
324B Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo	12.490.751
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	1.152.912
Traballo	11.337.839
33. Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.855.329
331A Cooperación exterior e ao desenvolvemento	9.855.329
Presidencia da Xunta	9.855.329

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

4 Producción de bens públicos de carácter social	6.047.383.305
41. Sanidade	3.388.009.984
411A Dirección e servizos xerais de Sanidade	79.568.250
Sanidade	24.742.737
Servizo Galego de Saúde	54.825.513
412A Atención especializada	1.921.000.152
Servizo Galego de Saúde	1.921.000.152
412B Atención primaria	1.278.702.923
Servizo Galego de Saúde	1.278.702.923
413A Protección e promoción da saúde pública	73.126.903
Sanidade	73.126.903
414A Formación de graduados e posgraduados	35.611.756
Servizo Galego de Saúde	35.611.756
42. Educación	2.161.491.400
421A Dirección e servizos xerais de Educación	26.042.451
Educación e Ordenación Universitaria	26.042.451
422A Educación infantil, primaria e ESO	780.324.485
Educación e Ordenación Universitaria	780.324.485
422C Ensinanzas universitarias	344.889.003
Educación e Ordenación Universitaria	344.889.003
422D Educación especial	24.681.893
Educación e Ordenación Universitaria	24.681.893
422E Ensinanzas artísticas	29.285.697
Educación e Ordenación Universitaria	29.285.697
422G Ensinanzas especiais	14.198.134
Educación e Ordenación Universitaria	14.198.134
422H Outras ensinanzas	2.042.329
Educación e Ordenación Universitaria	2.042.329
422I Formación e perfeccionamento do profesorado	4.000.200
Educación e Ordenación Universitaria	4.000.200
422K Ensinanzas pesqueiras	6.854.314
Pesca e Asuntos Marítimos	6.854.314

(Continúa na páxina seguinte)

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

4 Producción de bens públicos de carácter social	6.047.383.305
42. Educación	2.161.491.400
(Ven da páxina anterior)	
422L Capacitación e extensión agroforestal	4.738.801
Medio Rural	4.738.801
422M Formación e cualificación profesional	30.685.010
Educación e Ordenación Universitaria	22.937.200
Medio Rural	5.352.524
Pesca e Asuntos Marítimos	2.395.286
422N Ensinanza secundaria e formación profesional	702.328.631
Educación e Ordenación Universitaria	702.328.631
423A Servizos e axudas complementarias da ensinanza	177.041.708
Educación e Ordenación Universitaria	177.041.708
423B Prevención do abandono escolar	14.378.744
Educación e Ordenación Universitaria	14.378.744
43. Cultura	141.201.027
431A Dirección e servizos xerais de Cultura	59.981.458
Cultura e Deporte	59.981.458
432A Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	11.505.760
Cultura e Deporte	11.505.760
432B Fomento das actividades culturais	35.795.151
Cultura e Deporte	27.578.884
IGAEM	8.216.267
432C Fomento do audiovisual	9.381.489
Presidencia da Xunta	4.031.489
Cultura e Deporte	5.350.000
433A Protección e promoción patrimonio histórico, artíst. e cult.	24.537.169
Cultura e Deporte	24.537.169
44. Deportes	38.354.815
441A Promoción da actividade deportiva	38.354.815
Cultura e Deporte	38.354.815
(Continúa na páxina seguinte)	

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

4 Producción de bens públicos de carácter social	6.047.383.305
(Ven da páxina anterior)	
45. Vivenda	189.096.974
451A Fomento da rehabilitación	87.145.798
Vivenda e Solo	59.563.084
IGVS	27.582.714
451B Acceso á vivenda	51.914.676
Vivenda e Solo	37.516.870
IGVS	14.397.806
451C Fomento da Calidade da Vivenda	50.036.500
Vivenda e Solo	200.000
IGVS	49.836.500
46. Outros servizos comunitarios e sociais	129.229.105
461A Cobertura informativa e apoio á comunicación social	13.247.027
Presidencia da Xunta	13.247.027
461B Radiodifusión e TVG	115.982.078
Presidencia da Xunta	115.982.078

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

5 Producción de bens públicos de carácter económico	1.145.410.794
51. Infraestruturas	458.984.728
511A Dirección e servizos xerais de política territorial	9.572.306
Política Territorial, Obras Públicas e Transporte	9.572.306
512A Ordenación e Inspección do transporte	38.532.920
Política Territorial, Obras Públicas e Transporte	38.532.920
512B Construción, conservación e explotación de estradas	373.677.720
Política Territorial, Obras Públicas e Transporte	373.677.720
513A Construción, conservación e explotación portuaria	31.201.782
Política Territorial, Obras Públicas e Transporte	31.201.782
514A Infraestruturas pesqueiras	6.000.000
Pesca e Asuntos Marítimos	6.000.000
52. Ordenación do territorio	50.978.113
521A Urbanismo	50.978.113
Política Territorial, Obras Públicas e Transporte	50.978.113
53. Promoción de solo para actividades económicas	16.690.307
531A Promoción de solo para actividades económicas	16.690.307
IGVS	16.690.307
54. Actuacións ambientais	260.777.268
541A Dirección e servizos xerais de Medio Ambiente	19.273.569
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	19.273.569
541B Conservación biodiversidade e posta en valor m. natural	27.964.806
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	27.964.806
541C Protección e mellora do medio natural marítimo	20.754.463
Pesca e Asuntos Marítimos	20.754.463
541D Control ambiental e xestión de residuos	39.205.307
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	39.205.307
541E Coñecemento do medio e fomento da sustentabilidade	8.664.161
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	8.664.161
542A Planificación e xestión hidrolóxica	15.040.563
Augas de Galicia	15.040.563
542B Infraestruturas e xestión de abastecemento e saneamento	129.874.399
Augas de Galicia	129.874.399

(Continúa na páxina seguinte)

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

5 Producción de bens públicos de carácter económico	1.145.410.794
(Ven da páxina anterior)	
55. Actuacións e valorización do medio rural	203.036.388
551A Infraestruturas e equipamentos no medio rural	73.278.177
Medio Rural	73.278.177
551B Accións preventivas e infraestrutura forestal	75.758.211
Medio Rural	75.758.211
551C Programa extraor. prevención e extinción incendios e rex. f	54.000.000
Medio Rural	54.000.000
56. Investigación, desenvolvemento e innovación	119.297.089
561A Plan galego investigación, desenv. e innov. tecnolóxica	85.550.296
Innovación e Industria	67.710.679
Medio Rural	9.254.003
Pesca e Asuntos Marítimos	6.770.600
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	1.815.014
561B Investigación Universitaria	33.746.793
Innovación e Industria	33.746.793
57. Sociedade da información e do coñecemento	29.798.000
571A Fomento da sociedade da información e do coñecemento	8.304.467
Innovación e Industria	8.304.467
572A Desenvolvemento infraestr. e empresarial da sociedade	21.493.533
Innovación e Industria	21.493.533
58. Información estatística básica	5.848.901
581A Elaboración e difusión estatística	5.848.901
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	135.000
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	30.051
IGE	5.168.170
Educación e Ordenación Universitaria	13.000
Medio Rural	218.000
Sanidade	125.000
Pesca e Asuntos Marítimos	50.000
Traballo	109.680

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

6 Regulación económica de carácter xeral	146.524.699
61. Actuacións económicas xerais	37.381.054
611A Dirección e servizos xerais de Economía e Facenda	21.510.952
Economía e Facenda	21.510.952
611B Formación do persoal de Economía e Facenda	50.000
Economía e Facenda	50.000
612A Planificación, orzamentación e coordinación económica	7.186.515
Economía e Facenda	7.186.515
613A Defensa da competencia	907.695
Tribunal Galego de defensa da Competencia	907.695
613B Ordenación, información e defensa do consumidor	7.725.892
Instituto Galego de Consumo	7.725.892
62. Actividades financeiras	109.143.645
621A Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	70.395.501
Economía e Facenda	24.551.070
Gastos de diversas consellerías	45.844.431
621B Imprevistos e funcións non clasificadas	38.748.144
Gastos de diversas consellerías	38.748.144

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

7 Regulación económica de sectores produtivos	914.232.978
71. Dinamización económica do medio rural	385.435.284
711A Dirección e servizos xerais do Medio Rural	25.676.195
Medio Rural	25.676.195
712A Fixación de poboación no medio rural	22.605.343
Medio Rural	22.605.343
712B Modernización e diversificación do tecido produtivo rural	91.525.218
Medio Rural	91.525.218
712C Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecn. agraria	8.976.786
Medio Rural	8.976.786
713A Mobilidade de terras agrarias improdutivas	15.607.865
Medio Rural	15.607.865
713B Ordenación das producións forestais	48.430.101
Medio Rural	48.430.101
713C Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables	26.045.729
Medio Rural	26.045.729
713D Mellora da calidade na produción agroalimentaria	18.412.610
Medio Rural	18.412.610
713E Benestar animal e sanidade vexetal	64.587.962
Medio Rural	64.587.962
713F Regulacións producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	63.567.475
Fondo Galego de Garantía Agraria	63.567.475
72. Pesca	185.437.450
721A Dirección e servizos xerais de Políticas pesqueiras	26.188.204
Pesca e Asuntos Marítimos	26.188.204
722A Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	11.358.517
Pesca e Asuntos Marítimos	11.358.517
722B Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira. F.S.E.	1.140.298
Pesca e Asuntos Marítimos	1.140.298

(Continúa na páxina seguinte)

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

7 Regulación económica de sectores produtivos	914.232.978
72. Pesca	185.437.450
(Ven da páxina anterior)	
723A Competitividade e mellora calidade prod. pesqueira e acuicultura	139.370.331
Pesca e Asuntos Marítimos	139.370.331
723B Regulación das producións e dos mercados da pesca	7.380.100
Pesca e Asuntos Marítimos	7.380.100
73. Industria, enerxía e minaría	52.151.350
731A Dirección e servizos xerais de Industria	6.682.893
Innovación e Industria	6.682.893
732A Regulación e soporte da actividade industrial	14.877.587
Innovación e Industria	14.877.587
733A Eficiencia enerxética e enerxías renovables	10.701.500
Innovación e Industria	10.701.500
733B Infraestruturas enerxéticas	16.220.761
Innovación e Industria	16.220.761
734A Fomento da minaría	3.668.609
Innovación e Industria	3.668.609
74. Desenvolvemento empresarial	182.439.970
741A Apoio á modernización, internac. e mellora da competitividade	172.161.587
Economía e Facenda	107.501.924
Innovación e Industria	35.460.968
Medio Rural	20.000.000
Gastos de diversas consellerías	9.198.695
741B Fomento do investimento en capital humano	1.336.464
Economía e Facenda	1.336.464
741C Acción exterior, captación e investimentos estratéxicos	2.280.000
Innovación e Industria	2.280.000
(Continúa na páxina seguinte)	

Distribución funcional e por programas do Orzamento consolidado
2007

7 Regulación económica de sectores produtivos	914.232.978
74. Desenvolvemento empresarial	182.439.970
(Ven da páxina anterior)	
741E Apoio á pequena e mediana empresa	2.490.919
Economía e Facenda	300.600
Innovación e Industria	2.190.319
741F Apoio á artesanía	4.171.000
Innovación e Industria	4.171.000
75. Comercio	33.211.401
751A Ordenación, regulación e promoción do comercio int. de Galicia	33.211.401
Innovación e Industria	33.211.401
76. Turismo	75.557.523
761A Coordinación e promoción do turismo	75.557.523
Innovación e Industria	75.557.523
8 Transferencias a entidades locais	891.355.060
81. Transferencias a entidades locais	891.355.060
811A Transferencias a entidades locais por part. ingresos do Estado	778.968.000
Transferencias a Corporacións Locais	778.968.000
811B Transferencias a entidades locais por part. ingresos da C. A.	106.267.060
Transferencias a Corporacións Locais	106.267.060
811C Outros soportes financeiros ás entidades locais	6.120.000
Gastos de diversas consellerías	6.120.000
9 Débeda pública	602.465.911
91. Débeda pública	602.465.911
911A Amortización e gastos financeiros da débeda pública	602.465.911
Débeda pública da Comunidade Autónoma	602.465.911

3. A CONTA FINANCEIRA

A Lei de réxime financeiro e orzamentario establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma teñen que presentarse e aprobarse en equilibrio, de forma que os créditos autorizados non superen os recursos previstos nos respectivos estados de ingresos.

Os pasos dados ata chegar a esa situación de equilibrio póñense de manifesto mediante a interrelación das grandes magnitudes orzamentarias analizadas na conta financeira, que a través de diversos saldos – aforro corrente, capacidade ou necesidade de financiamento, endebedamento neto, etc.- facilitan unha información moi básica, pero ao mesmo tempo precisa, sobre o alcance e composición dos orzamentos.

O aforro conseguido como saldo positivo dos ingresos sobre o gasto corrente, que constitúe un dos indicadores mais fiables dunhas contas saneadas, mantén a evolución ascendente de anos anteriores, situándose en 1.826,3 millóns de euros, un 20,1 % por encima do ano anterior.

Os ingresos de capital non financeiro, 884,7 millóns de euros, experimentan unha desaceleración respecto ao exercicio anterior, como consecuencia da caída experimentada polos fondos comunitarios correspondentes ao período 2007-2013, afectados pola ampliación da Unión Europea a novos países incluídos nos obxectivos de converxencia e cohesión.

O gasto de capital dos capítulos VI e VII ascende a 2.687,5 millóns de euros, financiados cos ingresos de capital (884,7 millóns), unha parte do endebedamento autorizado na Lei de Orzamentos (85,3 millóns), e unha parte do aforro corrente (1.717,5 millóns).


O endebedamento neto, obtido como diferenza entre os capítulos IX de ingresos e gastos, representa 93,9 millóns de euros, inferiores nun 32,9 % ao importe do exercicio anterior. No ano 2007 a finalidade do endebedamento autorizado se reparte entre os investimentos dos capítulos VI e VII e a adquisición de activos financeiros (8,7 millóns), que completan o seu financiamento coa parte do aforro non destinada á cobertura de investimentos.

Conta financeira

	2006	2007	(Miles de euros)	
			Variación 07 / 06	
			Importe	%
1. OPERACIÓNS CORRENTES				
<i>Ingresos</i>	8.499.528	9.349.300	849.772	10,0
Impostos directos	1.074.777	1.167.819	93.042	8,7
Impostos indirectos	2.412.680	2.636.049	223.369	9,3
Taxas, prezos e outros ingresos	246.430	264.961	18.531	7,5
Transferencias correntes	4.752.160	5.265.545	513.387	10,8
Ingresos patrimoniales	13.481	14.926	1.445	10,7
<i>Gastos</i>	6.978.667	7.522.966	544.298	7,8
Gastos de persoal	2.931.806	3.174.746	242.941	8,3
Gastos en bens correntes e servizos	1.167.471	1.242.132	74.661	6,4
Gastos financeiros	142.429	146.961	4.532	3,2
Transferencias correntes	2.679.280	2.897.420	218.140	8,1
Fondo de continxencia	57.681	61.706	4.025	7,0
AFORRO POR OPERACIÓNS CORRENTES	1.520.861	1.826.334	305.475	20,1
2. OPERACIÓNS DE CAPITAL				
<i>Ingresos</i>	897.465	884.724	-12.741	-1,4
Alleamento de investimentos reais	72.404	90.730	18.326	25,3
Transferencias de capital	825.061	793.994	-31.067	-3,8
<i>Gastos</i>	2.447.228	2.687.498	240.270	9,8
Investimentos reais	1.206.226	1.332.889	126.664	10,5
Transferencias de capital	1.241.002	1.354.608	113.606	9,2
DÉFICIT POR OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.549.763	1.802.773	253.011	16,3
NECESIDADE (-) OU CAPACIDADE (+) DE FINANCIAMENTO	-28.902	23.561	52.463	-181,5
3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS				
<i>Recursos financeiros</i>	514.733	551.719	36.986	7,2
Activos financeiros	665	675	10	1,5
Pasivos financeiros	514.068	551.044	36.976	7,2
<i>Atencións financeiras</i>	485.831	575.279	89.448	18,4
Activos financeiros	111.763	118.177	6.414	5,7
Pasivos financeiros	374.068	457.103	83.035	22,2
FINANCIAMENTO	-28.902	23.561	52.463	-181,5
4. ENDEBEDAMENTO NETO				
Endebedamento bruto	514.068	551.044	36.976	7,2
Amortizacións	374.068	457.103	83.035	22,2
ENDEBEDAMENTO NETO	140.000	93.941	-46.059	-32,9

Evolución dos principais saldos orzamentarios

Aforro corrente



Endebadamento neto

